

EGANET

(Asociación de Empresas
Galegas Adicadas a Internet)



"Somos a única asociación no sector que representa ás empresas de Internet e ás novas tecnoloxías en Galicia"

José Ramón Pais Curto

Datos básicos

Actividade:	Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet	
Sector de actividade	Servizos telemáticos e novas tecnoloxías	
Nº empregados	27	
Inversión inicial	1.800 €	
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado integramente a través das aportacións dos socios fundadores.	
Web:		
Municipio:	Santiago de Compostela, A Coruña	Ano creación: 2000

Descrición do proxecto

Trátase dunha asociación de empresas que ten como obxectivo aglutinar ás empresas e profesionais galegos do sector de Internet, defendendo, promocionando e representando os seus intereses comúns e contribuíndo deste modo a un desenvolvemento óptimo do sector das novas tecnoloxías e a sociedade da información en Galicia.

Ofrecemos aos nosos asociados promoción comercial, técnica e económica.



Datos empresa

Claves do éxito

Ser a única asociación no sector que representa ás empresas de Internet e novas tecnoloxías en Galicia.

Situación actual

Na actualidade, EGANET aglutina 26 asociados e creou un posto de traballo dunha xerente. Ademais, seguimos crescendo e incrementando o número de socios.

Abrimos unha oficina en Santiago, creouse así unha sede social cunha persoa a tempo completo dedicada á asociación.

Seguimos planificando novos proxectos para proporcionar un maior apoio ás empresas asociadas, promocionándoas e defendendo os seus intereses profesionais.

Perfil cliente

Empresas e profesionais que realizan a súa actividade no ámbito de Internet e as novas tecnoloxías.

Empresas de desenvolvemento de aplicacións baseadas en Internet, deseño gráfico e desenvolvemento multimedia, provedores de servizos globais de Internet, comercio electrónico b2b e b2c, publicidade on-line, e-learning, planificación e produción de contidos.



Idea inicial

A idea partiu dun Proxecto Alfa, que xurdiu a raíz da necesidade dunha entidade que aglutinase a todas as empresas do sector. Son empresas moi novas que necesitan un órgano que as representen e se faga voz das súas necesidades e as súas demandas.

Principales dificultades y amenazas futuras

A principal dificultade consiste en que, se ben é un mercado emerxente, se trata dun sector novo.

Perfil promotores

O perfil dos promotores é moi variado, debido ao grande número de socios que desenvolveron esta iniciativa. Pero o nexo común que existe entre todas eles é que a súa actividade empresarial se basea en Internet, polo que hai desde enxeñeiros de comunicacións ou industriais, a xornalistas, economistas, ou físicos.

Aptitudes necesarias

Ter unha idea moi clara do negocio e do sector empresarial no que queres desenvolverlo.



Guía de Actividad

Servizos Integrais en Internet (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dirixir persoas e organizacións
O reto que supón**

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si.

Anecdotalio

Algunha xente diríxese a nós para documentarse, solicitar información e preguntar dúbidas sobre a nova lei LSSI, normativa sobre protección de datos persoais, etc.

